

# Introducción ao estilo **APA**

## (Citas e referencias)

Baseada na 6<sup>a</sup> ed.(3<sup>a</sup> ed. en español) de *The Publication Manual of the American Psychological Association*

*(Actualizada Outubro 2018)*



Recoñecemento – Non Comercial-Compartir Igual

## **CITAS NO TEXTO:**

### **Directa ou textual**

Cita textual corta (menos de 40 palabras):

Cita textual longa (40 palabras ou mais):

### **Cita indirecta ou paráfrasis**

#### **Citar autores e entidades no texto**

#### **Citar dous ou mais autores nun mesmo paréntese**

#### **Citar autores non identificados ou anónimos**

#### **Cítanse no texto pero non se inclúen na listaxe de referencias:**

#### **Citas no texto de documentos electrónicos**

#### **Cita dunha cita dentro de outra**

## **ELABORACIÓN DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

### **Pautas xerais**

## **REFERENCIAS DE DOCUMENTOS IMPRESOS**

### **Libro**

### **Capítulo dun libro**

### **Artigo de publicación periódica**

### **Artigo de periódico**

### **Teses doctorais e traballos de fin de estudios inéditos**

\*Si se trata dunha tese dispoñible nunha base de datos institucional

## **REFERENCIAS DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS**

### **Algunhas anotacións básicas:**

### **Material extraído dunha páxina electrónica**

### **Libro electrónico sin doi**

### **Libro electrónico con doi:**

### **Capítulo dun libro electrónico**

### **Artigos de revistas electrónicas**

### **Artigos de revistas electrónicas con doi**

### **Artigo en xornal electrónico**

## **REFERENCIAS DA WEB SOCIAL**

### **Mensaxes nun blog**

### **Chío**

### **Publicacións no facebook**

## REFERENCIAS DE DOCUMENTOS AUDIOVISUAIS

- Vídeos de Youtube, Vimeo, etc.**
- Películas**
- Serie de televisión enteira en internet**
- Episodio de serie de televisión ou radio**
- Gravacións musicais**
- Podcasts**
- Fotografías**

## ABREVIATURAS ACEPTADAS NA LISTAXE DE REFERENCIAS

### TABOAS E FIGURAS

- Táboas de elaboración propia**
- Táboas reproducidas de outra fonte:**
- Citacion das táboas no texto:**
- Figuras**
- Citación das figuras no texto:**

### A LISTAXE DE REFERENCIAS

- Diferencia entre listaxe de referencias e bibliografía**
- Formato xeral das referencias**
- Como ordenar a listaxe de referencias**

### TIPOS DE ÍNDICES

- Xeral:**
- Para Táboas e Figuras:**
- Para Apéndices:**
- Mais información**

Ao citar-referenciar, documentamos o noso traballo e recoñecemos as fontes nas que nos fundamentamos.

Todos os estilos de cita-referencia inclúen os seguintes pasos:

- Como inserir unha Cita no texto do documento.
- Como elaborar as referencias bibliográficas.
- Como ordenar a lista de referencias que inclúa todos os documentos citados no texto.

## CITAS NO TEXTO:

### Directa ou textual

Consiste en usa-las palabras de outro autor sen facer ningún cambio ao texto orixinal.

#### *Cita textual corta (menos de 40 palabras):*

Incorpórase no texto e márcase entre comiñas.

Inclúese:

apellido do autor,  
ano da publicación  
páxina/s de onde se tomou a cita

As formas de inserir estes datos depende da redacción do texto e basicamente son dous:

- si o nome do autor está incluído na frase, só engadiremos o ano entre paréntese

Exemplo:

Serrallé Marzoa et al. (2010) afirma: "esta formación debe ser considerada como `formación de posgrao', coas súas especificidades, no exercicio, na transferencia do coñecemento á acción e na aprendizaxe". (p. 35).

- no caso contrario, engadiremos ao final o apellido

Exemplo.:

O que se deduce dos datos recollidos é que "esta formación debe ser considerada como `formación de posgrao', coas súas especificidades, no exercicio, na transferencia do coñecemento á acción e na aprendizaxe". (Serrallé Marzoa et al., 2010, p. 35).

### *Cita textual longa (40 palabras ou mais):*

Separase do texto nun bloque independente e omítense as comiñas  
Ao inicio do parágrafo deixase a sangría usual  
Se hai parágrafos adicionais dentro da cita, sángrase a primeira liña de cada un  
Cítase a fonte e o número da páxina ou parágrafo entre paréntese despois do punto final

Exemplo:

Estes autores describiron a situación de moitos centros educativos:

Todos estes datos amósannos por un lado, que a maior parte das actuacións de educación para a saúde que se realizan e nas que o departamento de orientación colabora ou organiza, son as referidas fundamentalmente a programas elaborados ou publicados a gran escala e a intervencións de persoas ou institucións alleas ós centros educativos; sendo más escasas as actividades deseñadas específicamente pola institución escolar. E por outro lado, que en mans dos orientadores/as quedan fundamentalmente as tarefas de coordinación, promoción e difusión, así como de avaliación. (Domínguez Bravo, Costas e Veiga Soutelo, 2010, p. 49).

### *Cita indirecta ou paráfrasis*

Consiste en resumir ou parafrasear as ideas doutro autor coas nosas propias palabras. Os elementos básicos da cita son autor e data. É opcional indicar o número de páxina.

Exemplos de técnicas de parafraseo: [\*\*guía realizada pola Biblioteca da Universidad de Lima\*\*](#) (pp. 8-12).

### *Citar autores e entidades no texto*

Tipo de cita	Primeira cita no texto	Seguintes citas no texto	Formato entre paréntese Primeira cita no texto	Formato entre paréntese Seguintes citas no texto
Un traballo dun só autor	(Souto, 2018)	(Souto, 2018)	(Souto, 2018)	(Souto, 2018)
Un traballo de dous autores	Fernández Laxe e Moure (1997)	Fernández Laxe e Moure (1997)	(Fernández Laxe e Moure, 1997)	(Fernández Laxe e Moure, 1997)
Un traballo de tres a cinco autores	Barnes, Casas, Marquez e Gonzalez Mosquera (2001)	Barnes, et al. (2001)	(Barnes, Casas, Marquez e Gonzalez Mosquera, 2001)	(Barnes, et al., 2001)
Un traballo de seis ou máis autores	Alén et al. (2003)	Alén et al. (2003)	(Alén et al., 2003)	(Alén et al., 2003)
Entidades que son coñecidas polo seu acrónimo	Servicio Galego de Saúde (SERGAS, 1990)	(SERGAS, 1990)	(Servicio Galego de Saúde [SERGAS], 1990)	(SERGAS, 1990)
Entidades sen acrónimo	Instituto Luis Seoane (2014)	Instituto Luis Seoane (2014)	(Instituto Luis Seoane, 2014)	(Instituto Luis Seoane, 2014)
Comunicacións persoais	X.L. Veiga (Comunicación persoal, 14 de maio de 2004)		(X.L. Veiga Comunicación persoal, 14 de maio de 2004)	

A maneira de unir dous apelidos dependerá da lingua en que estea escrita a obra que estamos citando:

Úsase o símbolo “&” ou “and” para unir os apelidos ao citar dentro da paréntese se a obra está publicada en inglés, se a publicación está en castelán “y”, en galego “e”....

Exemplo: Walker and Allen (2007) ou (Walker & Allen, 2007).

#### *Citar dous ou mais autores nun mesmo paréntese*

Ordénanse os autores dentro do mesmo parénteses por orde alfabético. As citas bibliográficas deberán ir separadas entre si por punto e coma.

Diferentes autores (Gonzalez, 1989a, 1989b, 1989c; Thorpe, 1983) demostraron que ...

Diversos estudos (Carballo, 2017; Durán et al., 2001; González, 1965;) afirman que a necesidade de ...

As recentes investigacións neste campo (Sanchez, 2018, 2017) sitúan as clasificacions...

#### *Citar autores non identificados ou anónimos*

Citar dentro do texto as primeiras palabras da entrada da lista de referencias (xeralmente o título e o ano)

Úsanse comiñas en torno do título dun artigo, capítulo ou páxina de internet

- Chegouse a conclusión de que "a maioría das sondaxes proporcionan datos sobre a implicación da sociedade neste tema" ("Niveis de implicación", 2016).

Escríbese en cursiva o título da revista científica, libro, folleto ou informe

#### *Cítanse no texto pero non se inclúen na listaxe de referencias:*

\*comunicacións persoais (cartas, correos-e , etc.).

\*citas do Corán e da Biblia.

\*obras antigas gregas e romanas.

#### *Citas no texto de documentos electrónicos*

Inclúese o autor, ano e o número da páxina entre paréntese.

Se non se proporciona o número da páxina, indícase no paréntese o número do parágrafo, ou o nome da sección e o parágrafo.

Se o nome da sección do documento resulta moi extenso, úsase un título breve entre comiñas dentro do paréntese.

#### *Cita dunha cita dentro de outra*

Faise cita dunha cita cando accedemos a unha fonte de información a través doutra. Utilizase unha frase introdutoria do tipo: Como se citou en...  
Exemplo:

se se está lendo un libro de Isabel González e este cita unha opinión ou afirmación de Rogelio Casal cítase:

- Casal (como se citou en González, 2010) pensa que a historia (...)

Na listaxe de referencias final referéncianse os datos de González, non os de Casal

Recoméndase facer o menor uso posible deste tipo de citas mentres se poida acceder ao material orixinal e citalo directamente do seu autor.

## ELABORACIÓN DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

O Manual de Publicacións da APA establece que se debe facer unha listaxe de referencias final que inclúa todos los recursos que foron utilizados na realización do traballo, de maneira que cada cita no texto teña a súa correspondente referencia na listaxe final: nunca debe referenciarse un autor que non fora citado no texto e viceversa

### Pautas xerais

-Os elementos obligatorios de cada referencia son: autor, título e datos de publicación.

-Identificamos o autor/a co(s) seu(s) apellido(s) seguido da inicial do seu nome: Álvarez, R., López Mora, J.E.

- No caso das obras colectivas, moitas veces o autor responsable da obra é un editor, coordinador ou director. Nestes casos hai que indicalo a continuación do nome coa abreviatura correspondente entre paréntese e en letra maiúscula: (Ed.) (Eds.) (Coord.) (Dir.)

Non confundir o editor, que xeralmente aparece na portada do documento coas siglas -ed.- ou -eds., coa editorial que publica o documento.

- Cando non é un documento convencional (libro, artigo, ...). Engade o tipo de documento entre corchetes despois do título:  
[Película] [Entrada nun blog] [Dvd]

- Se non se coñece a data, escribe (s.d.) ou (s.f.)

- Nos documentos electrónicos, engade o DOI se está dispoñible, senón engade a URL.

- No caso dos documentos electrónicos non se deben incluír datas de consulta ou recuperación, excepto que o material da fonte sexa susceptible de cambios (por exemplo, Wikis).

Se o documento non pode ser localizado, non é unha fonte.

## REFERENCIAS DE DOCUMENTOS IMPRESOS

### Libro

Elementos da referencia:

**Autor(es). (Ano publicación). Título do libro: Subtítulo (en cursiva). Lugar de publicación: Editorial**

Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. (1996). *Liñas estratéxicas e programas sanitarios para 1996*. Santiago de Compostela: Autor.

González Reino, W.J. (2009). *Evolucionismo: Darwin y enfoques actuales*. Oleiros (A Coruña): Netbiblio.

Munro, A. (2012). *Demasiada felicidad*. Barcelona: Debolsillo.

Tipo de documento	Exemplo de referencia	Exemplo de cita no texto
Libro (un autor/a)	Mariño Paz, R. (1998). <i>Historia da língua galega</i> . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.	Mariño Paz (1998) opina que no galego escrito é .... ou No léxico o criterio de supresión de castelanismos é case indiscutido (Mariño Paz, 1998)
Libro (2 autores)	Álvarez, R. e Monteagudo, H. (eds) (2005). <i>Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego</i> . Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.	Álvarez e Monteagudo (2005) opinan que ... ou Está demostrado (Álvarez & Monteagudo, 2005) que ...
Libro ( 3 a 7 autores)  Ata 7 autores inclúe todos na referencia.	Bejines Mejías, I., García García, M., Guardia Martínez, F. J., Lobato Montes, A., López Mora, J. E., Morán Fagández, S. M., e Ojeda Sánchez, S. (1998). <i>Fichas de educación física para primaria: Tercer ciclo</i> . Sevilla: Wanceulen.	Bejines Mejías et al. (1998) ou (Bejines Mejías et al., 1998)  Ata 5 autores, cita todos a 1ª vez, nas seguintes cita só o 1º autor seguido de et al. Máis de 5 autores: cita só o 1º autor seguido de et al. dende a 1ª referencia
Libro ( más de 7 autores)  Se son máis de 7, inclúe os 6 primeiros seguidos dunha coma e 3 puntos, e o nome do último autor	Johnson, L., Lewis, K., Peters, M., Harris, Y., Moreton, G., Morgan, B., ... Smith, P. (2005). <i>How far is far?</i> London: McMillán.	Johnson et al. (2005) argue ... ou It was argued that...(Johnson et al., 2005)  Máis de 5 autores: cita só o 1º autor seguido de et al. dende a 1ª referencia
Versión electrónica de libro impreso (sen doi)  Engade a URL ao final	Shotton, M.A. (1989). <i>Computer addiction? A study of computer dependency</i> [versión DX reader]. Recuperado de <a href="http://www.ebookstore.tandf.co.uk/html/index.asp">http://www.ebookstore.tandf.co.uk/html/index.asp</a>	Shotton (1989) demostrou ou Como demostrouse (Shotton, 1989)

Tipo de documento	Exemplo de referencia	Exemplo de cita no texto
Versión electrónica de libro impreso (con doi) <a href="#">Engade o doi ao final</a>	Schiraldi, G.R. (2001). <i>The post-traumatic stress disorder sourcebook: A guide to healing, recovery, and growth</i> [versión Adobe Digital Editions]. doi:10.1036/0071393722	A opinión de Schiraldi (2001) ou (Schiraldi, 2001)
Libro exclusivamente electrónico sen data <a href="#">Engade (n.d.)</a>	O'Keefe, E. (n.d.). <i>Egoism &amp; the crisis in Western values</i> . Recuperado de <a href="http://www.onlineoriginals.com/showitem.asp?itemID=135">http://www.onlineoriginals.com/showitem.asp?itemID=135</a>	O'Keefe (n.d.) demostrou ou A crise nos valores occidentais (O'Keefe, n.d.)
Libro (autor corporativo)	American Psychological Association. (2001). <i>Publication manual of the American Psychological Association</i> (5th ed.). Washington, DC: Author.	1ª cita: (American Psychological Association [APA], 2001); Seguintes citas: (APA, 2001).

### Capítulo dun libro

**Autor(es). (Ano). Título do capítulo. En Autor (ed., coord., etc.), do libro, *Título do libro en cursiva* (páginas do capítulo). Lugar da publicación: Nome editorial.**

Exemplos:

Álvarez, X. (2012). Psicoloxía, xénero e educación. **En** M. Lires (Coord.), *I Xornada de Innovación Educativa de Xénero* (pp. 131-143). Vigo: Universidade de Vigo.

Barsanti, M.J. (2016). Reflexiones sobre las entradas y equivalencias alemanas en un diccionario plurilingüe de marketing, publicidad y comunicación. **En** C. Valcárcel Riveiro e T. Silva Rojas (Eds.), *Escritos sobre lexicografía plurilingüe especializada* (pp. 59-65). Granada: Comares.

Rivas, E. (2015). Caramuxo. **En** *Dicionario etimolóxico da lingua galega* (p.158). Santiago de Compostela: Tórculo.

### Artigo de publicación periódica

**Autor(es). (ano). Título artigo. *Título da revista en cursiva, volume en cursiva* (número), páxinas**

Figueras Comas, S., Capllonch Bujosa, M., Blázquez Sánchez, D. e Monzonís Martínez, N. (2016). Competències bàsiques i educació física: Estudis i investigacions. *Apunts*, 123, 34-43.

Mosquera Castro, E. e Wellings M.P. (2014). Os códigos lingüísticos da rede e a paisaxe lingüística galega. *Estudos de Lingüística Galega*, 6, 173-197.

Artigo de periódico

**Apelido, iniciais do autor. (data completa da publicación). Título do artigo. Nome do periódico en cursiva, páginas.**

Torres, R. (2003, January 9). The Internet generation. *The New York Times*, pp. 4-6.

Teses doctorais e traballos de fin de estudios inéditos

**Apellidos, iniciais do nome do autor. (Ano). Título: Subtítulo. (Tese inédita de grao obtido), Nome da institución ante a que se presentou. Lugar.**

Rodríguez Campo, M.L. (2009). *El Cine como estrategia promocional y de definición de producto artístico: Evaluación de su impacto en la imagen percibida del destino* (Tese inédita de doutoramento). Universidade de Vigo.

\*Si se trata dunha tese dispoñible nunha base de datos institucional

**Apellidos, iniciais do nome do autor. (Ano). Título: Subtítulo. (Tese de grao obtido). Recuperada de: URL**

Lois Campos, M. (2015). *Las alas de Ícaro: el trailer cinematográfico, un tejido artístico de sueños* (Tese de doutoramento). Recuperada de: <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/675>

## REFERENCIAS DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

### Algunhas anotacións básicas:

-Para versións electrónicas baseadas en documentos impresos (como no PDF), inclúense as páxinas (xx-xx) do artigo citado.

-Cítase o DOI (Digital Object Identifier) da fonte, sempre que o mesmo estea dispoñible. (Neste caso non se cita a URL)

Formato DOI recomendado:

<http://dx.doi.org/10.xxxx/xxxxxx>

Aínda que tamén se acepta o formato:

doi: 10xxxxxxxxxx

-Non se engade punto despois dunha dirección electrónica.

-*NON se elimina a data de publicación nos seguintes casos:*

en documentos que se sospeite NON son finais

Actualizacións

Borradores

Documentos en preparación ou preprints

Exemplos de datas de acceso ou recuperación

Recuperado o 25 de agosto de 2009

Retrieved August 25, 2009

### Material extraído dunha páxina electrónica

**Apelido do autor ou institución, iniciais do nome. (Ano de publicación). Título da páxina en cursiva. Recuperado de: url**

The College of William & Mary. (2017). *The William & Mary mission statement*. Recuperado de

<http://www.wm.edu/about/administration/provost/about/mission/>

No texto: (The College of William & Mary, 2017.)

### Libro electrónico sin doi

**Apelido, Iniciais do autor ou editor. (Ano de publicación). Título do libro en cursiva. Recuperado de URL (dirección de onde se extraeu o documento)**

Non se indica o editor nin o lugar de publicación

Deler, J.P. y Mesclier, E. (Eds). (2004). *Los andes y el reto del espacio mundo: Homenaje a Olivier Dollfus*. Recuperado de:  
<http://books.openedition.org/ifea/473>

Libro electrónico con doi:

Non se indica a URL

Apelidos, Iniciais do autor ou editor. (Ano de publicación). *Título do libro en cursiva*. doi: xx.xxxxxxxx

Formato DOI recomendado:  
<http://dx.doi.org/10.xxxx/xxxxxx>

Aínda que tamén se acepta o formato:  
doi: 10.xxxxxxxxxx

Capítulo dun libro electrónico

Apelidos, iniciais do nome do Autor. (Ano de publicación). Título:  
Subtítulo do capítulo. En Inicial do Nome. Apelido, (Ed.),  
*Título do documento en cursiva* (capítulo ou páginas).  
Recuperado de URL (do capítulo non a páx. inicial do sitio)

Francou, B. (2004). Andes del Ecuador: los glaciares en la época de los viajeros (siglos XVIII a XX). En J. P. Deler, y E. Mesclier (Eds.) *Los andes y el reto del espacio mundo: Homenaje a Olivier Dollfus* (pp. 137-152). Recuperado de <http://books.openedition.org/ifea/503>

Artigos de revistas electrónicas

Autor. (Ano de publicación). Título do artigo. *Título da revista en cursiva, volume(número), páginas.* Recuperado de URL (do artigo, non da revista)

Ocampo Gómez, C.I., Caeiro González, M. y Sarmiento Campos, J.A. (2012). Las TIC y la función tutorial en la etapa de educación infantil: La opinión del profesorado en los centros públicos del sur de Galicia. *Revista Española de Orientación y Psicopedagogía*, 23(2), 60-78. Recuperado de <http://www2.uned.es/reop/pdfs/2012/23-2%20-%20Ocampo.pdf>

### Artigos de revistas electrónicas con doi

Autor. (Ano de publicación). Título do artigo. *Título da revista en cursiva, volume(número), páxinas.* doi: xxxxxxxx

Non se inclúe a data de recuperación nin a URL

Formato DOI recomendado:

<http://dx.doi.org/10.xxxx/xxxxxx>

Aínda que tamén se acepta o formato:

doi: 10.xxxxxxxxxxxxxx

Zamroni, Y., Soewardi, K., Suryobroto, B., Jaafar,Z (2016). Short communication: Conservation of mangrove gobies in Lesser Sunda Islands, Indonesia. *Biodiversitas*, 7(2), 553-557.  
doi:10.13057/biodiv/d170223

### Artigo en xornal electrónico

\*Sin autor

Título do artigo. (día, mes, año). *Nome do Xornal*, en cursiva. Recuperado de: URL

Concentraciones para decir "Nunca Máis" a los incendios forestales. (17 de outubro de 2017). *Faro de Vigo*. Recuperado de:

<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2017/10/17/concentraciones-decir-mais-incendios-forestales/1768684.html>

\*Con autor

Íñiguez, B. (17 de outubro de 2017). Los portugueses dicen basta ante una ola de incendios que dejó 38 muertos en tres días. *La Voz de Galicia*. Recuperado de:

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2017/10/17/portugueses-dicen-basta-ante-ola-incendios-dejo-38-muertos-tres-dias/0003\\_201710G17P14991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2017/10/17/portugueses-dicen-basta-ante-ola-incendios-dejo-38-muertos-tres-dias/0003_201710G17P14991.htm)

## REFERENCIAS DA WEB SOCIAL

### Mensaxes nun blog

**Autor ou Entidade. (Dia, mes, ano). Título da mensaxe no blog [Mensaxe nun blog]. Recuperado de URL**

Martínez, E. (1 de xuño de 2016). ¿Qué pasa con los no-usuarios? [Mensaxe nun blog]. Recuperado de  
<http://www.biblogtecarios.es/eliramirez/que-pasa-con-los-no-usuarios/>

Dans, E. (25 de Abril de 2012). La música y la red: nadie dijo que fuese a ser fácil [Mensaxe nun blog ]. Recuperado de:  
<http://www.enriquedans.com/2012/04/la-musica-yla-red-nadie-dijo-que-fuese-a-ser-facil.html> /

### Chío

**Autor ou Entidade. [Nome de usuario/a]. (Día, mes año). O chío íntegro [Chío]. Recuperado de <http://twitter.com/usuario>**



Montero, R. [Brunahusky]. (14 de outubro de 2017).# "Apagando fuegos", mi artículo de hoy en @elpaissemanal [Chío]. Recuperado de <https://twitter.com/BrunaHusky>

A cita no texto: (Montero, 2017)



[Universidade de Vigo](#) @uvigo · 2 min

Mañá arranca un ciclo de conferencias con motivo da estadía do Pergamiño Vindel en Vigo  
[ow.ly/JBNH30fX9hI](http://ow.ly/JBNH30fX9hI)



# Os xoves do Vindel

CON MOTIVO DA ESTADÍA DO  
PERGAMIÑO VINDEL EN VIGO

Vigo, 19 de outubro, 2 e 16 de novembro

e 14 de decembro de 2017

25 de xaneiro e 8 de febreiro de 2018

Ás 19.45 h no auditorio do Edificio Cambón  
(rúa da Palma, 4)

## Máis información

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

<http://webh03.webs.uvigo.es/>

[comision\\_vindel@uvigo.es](mailto:comision_vindel@uvigo.es)



Universidade de Vigo [Uvigo]. (18 de outubro de 2017). Mañá arranca un ciclo de conferencias con motivo da estadía do Pergamiño Vindel en Vigo <http://ow.ly/JBNH30fX9hI> [Chío]. Recuperado de <https://twitter.com/uvigo?lang=es>

## Publicacións no facebook

Autor/a ou Entidade. [Nome de usuario]. (Data). O post íntegro [Actualización de Facebook]. Recuperado de <http://facebook.com>




O Camiño dos faros: sendeirismo na Costa da Morte (17 de outubro de 2017). O Camiño dos Faros, un solpor en cada paso [Actualización de Facebook]. Recuperado de [https://www.facebook.com/guiacostadamorte/?hc\\_ref=ARSwZhbLOZ61\\_bXTai6QaluuTSnBfDjS7dHJaXkmPia6f2DvErvUQkbLTsSalnAl8so&fr\\_ef=nf](https://www.facebook.com/guiacostadamorte/?hc_ref=ARSwZhbLOZ61_bXTai6QaluuTSnBfDjS7dHJaXkmPia6f2DvErvUQkbLTsSalnAl8so&fr_ef=nf)

## REFERENCIAS DE DOCUMENTOS AUDIOVISUAIS

### Vídeos de Youtube, Vimeo, etc.

Autor ou Entidade. [Nome de usuario]. (Data). Título do vídeo  
[Arquivo de vídeo]. Recuperado de URL

Marquina, J. [Julian Marquina]. (27 de febrero de 2013). El community manager bibliotecario o el bibliotecario encargado de la web social. [Arquivo de vídeo]. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=MbEleVaNJIC>



American Psychological Association. (2011, September 19). This is psychology: Family caregivers [Video file]. Retrieved from <https://www.facebook.com/photo.php?v=10150303396563992&set=vb.290103137578>

## Películas

Apelido do Produtor, inicial do nome (Produtor), e Apelido do director, inicial do nome (Director). (Data de publicación). *Título da película (en cursiva)* [Película]. País de orixe: Estudo ou distribuidor.

Brooks, J. L., Groening, M., Sakai, R. (Productores), e Silverman, D. (Director). (2007). *Los Simpson: La película* [Película]. Estados Unidos: Twentieth Century Fox.

## Serie de televisión enteira en internet

Productor, A. A. (Productor), y Autor, B. B. (Autor). (anos de emisión). Título da serie [Serie de televisión]. Recuperado de URL

URL debe ser a do sitio dende o que se a recuperou o contido. Se o contido está detrás dun portal de pago (por exemplo, Netflix), ou se o contido está facilmente dispoñible para a procura, utilizarase a URL da páxina de inicio do sitio para evitar URLs que non funcionen

## Episodio de serie de televisión ou radio

Autor, A. A. (Autor), e Director, B. B. (Director). (ano). Titulo do episodio ou episodio web [Episodio de serie de televisión ou Episodio web]. En C. C. Productor (Produtor executivo), Título da serie de televisión. Recuperado de URL

Nun episodio dunha serie de televisión ou radio, usase o mesmo formato que para un capítulo de libro, pero poñendo ao guionista e ao director na posición de autor e ao produtor executivo na posición de editor

Egan, D. (Guion.) y Alexander, J. (Director). (2005). Problemas de comunicación [Episodio de serie de televisión]. En D. Shore (Produtor executivo), House. Nueva York, NY: Fox Broadcasting

### Gravacíons musicais

Apelido, Inicial do nome. (Ano de producción). Título da canción [Gravado por (se é diferente do compositor)]. En *Título do álbum en cursiva* [Medio de grabación: CD, disco, mp3, etc]. Lugar de publicación: Selo discográfico. (Data de grabación se é diferente da data de copyrigth da canción).

Aute, L. E. (2000). Pasaba por aquí. En *iMira que eres canalla, Aute!* [CD]. Madrid: Polygram Ibérica

Lennon, J., & McCartney, P. (2000). I want to hold your hand [Recorded by The Beatles; mp3 file]. On The Beatles 1. Retrieved from <http://www.amazon.com> (Original work recorded 1963)

### Podcasts

Nome do produtor (Productor). (Data). Título do podcast [Audio en podcast]. Recuperado de URL

Radio 3 (Produtora). (4 de agosto de 2016). Metrópolis sonoras: Bogotá vibrante [Audio en podcast]. Recuperado de <http://www.rtve.es/alacarta/audios/metropolis-sonoras/metropolis-sonoras-bogota-vibrante/3674119/>

Van Nuys, D. (Producer). (2007, December 19). Shrink rap radio [Audio podcast]. Retrieved from <http://www.shrinkrapradio.com/>

### Fotografías

Autor. (Ano). Título da fotografía [Fotografía]. Recuperado de <http://>

Díaz Vera, D. (2016). Manchester Public Library [Fotografía]. Recuperado de <https://www.flickr.com/photos/danieliazvera/28919504730/in/pool-flicrkrenespaol/>

Westinghouse Electric Corporation. (2009). Lightning model [Photograph]. Retrieved from <http://photography.nationalgeographic.com/photography/photo-of-the-day/lightning-model-pod-best09/>

## ABREVIATURAS ACEPTADAS NA LISTAXE DE REFERENCIAS

Abrev. Inglés	Significado inglés	Abr. Español	Significado Español
chap.	Chapter	Cap.	Capítulo
Rev. Ed.	Revised edition	Ed. Rev.	Edición revisada
Ed. (Eds)	Editor (Editors)	Ed. (Eds.)	Editor (Editores)
n.d.	No date	s.f.	Sin fecha
Vol.	Volume	Vol.	Volumen
Suppl	Supplement	Supl.	Suplemento
Ed.	Edition	Ed.	Edición
2nd ed.	Second edition	2º ed.	Segunda edición
Trans.	Translated by	Trad.	Traducción de
p. (pp.)	Page (pages)	p. pp.	Página ( páginas)
Vols.	Volumes	Vols.	Volúmenes
Pt.	Part.	Pt.	Parte
Rep. Tech.	Technical report	Rep. Téc.	Reporte técnico
et al.	“et alia”	y cols	y colaboradores

## TABOAS E FIGURAS

As táboas mostran valores numéricos e os datos están organizados en filas ou columnas, facilitando a súa comparación. Deben permitir que o lector comprenda de maneira fácil os datos que se van a contrastar

As figuras son calquera tipo de ilustración que non sexa táboa. Unha figura pode ser un cadro, un gráfico, unha fotografía, un debuxo ou outra forma de representación

### Táboas de elaboración propia

O título da táboa debe ser breve, claro e explicativo.

O título debe ser posto, na marxe superior esquerda, debaixo da palabra Táboa (coa inicial en maiúscula) e acompañado do número con que a designa

Deben ser numeradas con números arábigos de maneira secuencial dentro de cada capítulo do texto.

Exem.:

Táboa 1.1

Número de nenos con nacidos no 2017

Táboa 1.1

Título da táboa

Encabezado da fila	Título da columna	Título da columna	Título da columna
Fila 1			
Fila 2			
Fila 3			
Fila 4			

---

Fonte: Elaboración propia

Fonte: Adaptado de

Táboas reproducidas de outra fonte:

Deben presentar debaixo da táboa a referencia do autor orixinal, aínda que se trate dunha adaptación.

Esta información xa non se inclúe na listaxe de referencias

Exem.:

Fonte: Adaptado de      referencia da fonte de onde se tomou

Citacion das táboas no texto:

Hai que referirse as táboas polos seus números. Táboa 2.1, Táboa 6.1, Táboa 6.2, Táboa 6.3, etc.

A palabra táboa deberá ser presentada coa inicial en maiúscula

Exem.:

*Como aparece na Táboa 6.6, o número de nenos e inferior a ...*

Nunca "a táboa anterior", "a táboa de enriba", a "táboa da páxina 25" xa que a numeración das páxinas pode ser alterada

## Figuras

As figuras son calquera tipo de ilustración que non sexa unha táboa.

Unha figura pode ser unha imaxe, un gráfico, unha fotografía, un debuxo ou outra forma de representación

Toda imaxe leva, antes do título a palabra Figura coa inicial en maiúscula

As figuras se numeran de xeito consecutivo, con números arábigos dentro de cada capítulo.

O título escríbese debaixo da figura e debe explicar de forma concisa o seu contido.

As figuras que se toman doutra fonte, deben levar na parte inferior a referencia do autor orixinal, aínda que se trate dunha adaptación



Figura 2. Capa, R. Muerte de un Miliciano, tomada el 5 de setembro de 1936

Na listaxe de referencias

Capa, R. (1936). Muerte de un Miliciano, tomada el 5 de setiembre de 1936. En *El confidencial* (18 de octubre de 2013). El gran mentiroso cumple cien años (18 octubre 2013). Recuperado de [https://www.elconfidencial.com/cultura/2013-10-18/el-gran-mentiroso-cumple-cien-anos\\_42966/](https://www.elconfidencial.com/cultura/2013-10-18/el-gran-mentiroso-cumple-cien-anos_42966/)

### Citación das figuras no texto:

As figuras cítanse polos seus números.

Para incluír a cita bibliográfica dentro do texto hai que seguir as mesmas normas que nos demais documentos: apellido do autor e ano de creación. Deberá indicarse así mesmo entre parénteses «véxase figura» e o número da mesma.

Exemplo:

Na fotografía de Capa (1936) queda claro que o obxectivo é centrar os contrastes (véxase Figura 2)

## A LISTAXE DE REFERENCIAS

### Diferencia entre listaxe de referencias e bibliografía

“A listaxe de referencias cita traballos que sustentan especificamente a un artigo en particular. Doutra banda, unha bibliografía alista traballos de acordo cos antecedentes ou para lecturas posteriores, e pode incluír notas descriptivas.” (American Psychological Association, 2010, p. 180).

No estilo APA utilízase a listaxe de referencias.

Nunca debe alistarse un autor que non sexa citado no texto ó viceversa.

### Formato xeral das referencias

Inclúense ao final do texto, e leva o título de “Referencias” en lugar de Bibliografía.

Espazo: sobre

Letra: Times New Roman ou Courier

Tamaño: 12

En orde alfabético.

NON usar números, nin viñetas.

Cada referencia terá o formato de párrafo francés:

Primeira liña pegada á marxe e as seguintes liñas con sangría (5 espazos).

Números ou volumes das publicacións úsanse números arábigos e non romanos. Exemp.: *Forestiere, 41,(5)*

Manter aliñado na marxe esquerda.

Organízase alfabeticamente polo apellido dos autores

A referencia bibliográfica deberá levar sangría francesa.

#### Como ordenar a listaxe de referencias

Ordénanse alfabeticamente polo apellido do primeiro autor segundo o sistema letra por letra.

#### Obras nas que o primeiro autor é o mesmo;

Primeiro ordenaranse as entradas nas que aparece como único autor e, dentro destas entradas, segundo o ano de publicación: de más antigo a más recente.

Cando hai más dun autor ordénanse alfabeticamente polo segundo autor e, si este coincide, polo terceiro, e así sucesivamente.

Si coinciden todos os autores, ordenarase por ano de publicación: de más antigo a más novo.

Si coinciden os autores e o ano de publicación, ordenarase alfabeticamente polo título (excluíndo os artigos iniciais: o, a, etc.) e engadirase unha letra para marcar a orde. Desta forma quedarán identificados univocamente si se citaran dentro do texto.

#### Obras con autor corporativo

As entradas con autor corporativo ordenaranse pola primeira palabra do nome. Escribiranse os nomes desenvolvidos, non os seus acrónimos.

#### As obras anónimas

Alfabetízanse polo título

## Referencias

- Abal García, F. (2013). Las necesidades formativas de los nuevos comunicadores según los profesionales y su reflejo en los grados de Comunicación. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*. 18 (36), 889-897.
- Abal García, F. (2014a). Análisis y valoración de aspectos básicos sobre los grupos de investigación en comunicación en España. *Estudios sobre el Mensaje Periodístico*. 19 (marzo 2013), 481-490.
- Abal García, F. (2014b). Dirección de comunicación en internet: estudio y recomendaciones para los espacios de prensa en webs corporativas desde el análisis de portales en internet de grupos empresariales en Galicia. *Revista Internacional de Relaciones Públicas*. 2 (3), pp. 20-55.
- Abal García, F., Rodríguez Mariñ, C. e Vieites, M (2005). Repercusiones de la aplicación de internet y las tecnologías de la información y comunicación en el ámbito de la intermediación turística. En A. Moledo (coord.), *Enfoques empresariales de la gestión científica: Transferencia de conocimiento a la empresa*, 25 Jornadas Hispanoulas, Ourense 5 y 6 de febrero de 2015. Ourense: Deputación Provincial.
- ADEGA. (27 de xullo de 2016). As novas ataguias previstas no río Miño tamén incumprirían a Declaración de Impacto do proxecto da Fábrica da Luz de Lugo. Recuperado de <http://www.adega.gal/novas.php?id=506&idioma=gl&sec=209>
- Arcos, A. (2007). Estudio bioquímico, genético y biotecnológico de las rutas metabólicas responsables de la degradación de tiramina y de ácido 4-OH-fenilacético en 'Pseudomonas putida'. Universidad de León.
- Arcos, A. (2010). Funciones de las rutas metabólicas responsables de la degradación de tiramina. Universidad de León.
- Arcos, A. et al. (2000). Intermediación en el mercado de trabajo andaluz a través de las Empresas de Trabajo Temporal. Sevilla. Instituto Andaluz de Empleo.
- Arcos, F., Barros Carballo, A. e Cerradello, S. (2003). Aves petroleadas. [A Coruña]: Seo BirdLife.
- Arcos, F. e Cambre, M. (2005). Arrival date and territorial behavior are associated with corticosterone metabolite levels in a migratory bird. *Journal of ornithology*. 151 (n. 3), 587-597
- Arcos, F., Cerradello, S., González Parra, I. e Walker, A. (2001). Recurrent arrival of oil to Galician coast: the final step of the Prestige deep oil spill. *Journal of Hazardous Materials*. 250-251 (15 April 2013), 82, 90.

## TIPOS DE ÍNDICES

O índice é unha listaxe lóxica dos títulos e dos capítulos que integran a estrutura da investigación:

Xeral: Debe incluír tódolos títulos e subtítulos da investigación, tal como están escritos no texto, sen abreviar.

Para Táboas e Figuras: Debe elaborarse un índice para as táboas e outro para as figuras, a non ser que o número dos mesmos sexa moi reducido; en tal caso, poden incluirse táboas e figuras nun só.

Para Apéndices: Debe presentarse un índice para apéndices que inclúa a letra de orde e o título do apéndice.

### Mais información

American Psychological Association. Manual de publicaciones de la American Psychological Association. (2010). (3<sup>a</sup> ed. trad. de la 6<sup>a</sup> ed. en inglés). México: El Manual Moderno

Pode consultarse na Biblioteca da Universidade de Vigo: signatura: BCP 001 manu

American Psychological Association. (2012). APA Style. Recuperado de: <http://www.apastyle.org/>

(Inclúe tutoriais, blog, guías e outros materiais suplementarios desenvolvidos pola APA. En inglés)

American Psychological Association. (2012). APA Style Guide to Electronic References (6th ed.). Washington, DC: Author.